



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PROFESORES/AS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 4/09/16), a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro profesores/as**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar
- 2.- Son electores e elexibles todos os profesores/profesoras que forman parte do actual claustro. A este respecto cabe destacar o seguinte:
 - Os profesores substitutos non son electores nin elexibles
 - Os profesores que son cargos netos do Consello Escolar por ocupar cargo directivo non poden ser candidatos.
- 3.- Os profesores/as que así o consideren deben formular a súa **candidatura** segundo o modelo que se facilitará no centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14'00 horas do día 12 de novembro**.
- 4.-A mesa electoral estará composta polo/a Director do Centro, que actuará como Presidente, e os profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario/a .
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o **12 ao 23 de novembro**, ambos días inclusive.
- 7.- As votacións realizaranse neste IES no salón de actos o **día 24 de novembro, ás 14:00 horas en claustro extraordinario**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de catro nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Viveiro, 5 de novembro de 2021
O PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Alberto Pernas Pena